



CIRCULAR INFORMATIVA 11/2019

1. ACORDO DO CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL ANTE AS QUEIXAS DESTE COLEXIO EN RELACIÓN COA DILACIÓN DAS RESOLUCIÓN PENDENTES DO XULGADO DE 1ª INSTANCIA NÚM. 3

O Promotor da Acción Disciplinaria do Consello Xeral do Poder Xudicial, mediante o acordo do 15.07.2019, arquivou a dilixencia informativa (352/2019) iniciada a raíz das queixas reiteradas por este Colexio de Avogados ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por mor da dilación das resolucións pendentes de ditar polo Xulgado de Primeira Instancia Núm. 3 desta cidade durante o período en que foi nomeado o xuíz substituto D. Luis Carlos Mariana Niño. O acordo adoptado polo órgano encargado das actuacións previas do CXPX fundaméntase en que non se pode considerar adecuado o mantemento dun expediente disciplinario ou dilixencia informativa sobre o devandito xuíz substituto, dado que este xa perdeu a súa condición de xuíz, e de acordo co criterio xurisprudencial ao respecto do réxime disciplinario sobre a relación estatutaria funcional.

Ante este acordo, a Xunta de Goberno do Colexio acordou na súa sesión do pasado 30 de xullo dirixir unha nova queixa ante o TSXG e solicitar que se nos comuniquen as medidas concretas que se van adoptar para que o dito xulgado poida emitir as resolucións que seguen pendentes, entendendo que, á marxe das posibles responsabilidades disciplinarias que se poidan dirimir, urxe dispoñer dos medios necesarios para evitar os graves prexuízos que esta situación lle está a ocasionar aos xusticiables.

O texto íntegro do acordo emitido polo CXPX está dispoñible para consulta dos colexiados/as na secretaría do Colexio.

2. ACREDITACIÓN DO CURSO DE ACCESO E FORMACIÓN CONTINUADA EN VIOLENCIA DE XÉNERO

Unha vez revisados os rexistros de asistencia a este curso, que tivo lugar entre os meses de maio e xuño pasados, xa aparece reflectida a correspondente anotación acreditativa na ficha colexial dos colexiados e colexiadas que o superaron. O dito apuntamento pode consultarse accedendo á ficha colexial do SIGA, dentro do apartado “Datos curriculares”.

Esta acreditación formativa terá plenos efectos para todas as xestións relacionadas coa quenda de oficio deste Colexio e, en particular, para o acceso á quenda específica de Violencia de Xénero. No caso de que algún colexiado ou colexiada necesite acreditar esta formación para algún outro fin alieo ao colexio, poderá solicitar a súa certificación enviando un correo ao enderezo linguista@icasantiago.org.



CIRCULAR INFORMATIVA 11/2019

3. CREACIÓN DE CONTAS DE CORREO ELECTRÓNICO @ICASANTIAGO.ORG

Lembrámosvos que os colexiados e colexiadas que aínda non dispoñan dunha conta de correo electrónico @icasantiago.org poderán solicitala e creala a través da seguinte ligazón: <https://www.icasantiago.org/contas-de-correo-icas/>

Nos meses pasados as contas de correo electrónico do ICA Santiago pasaron a estar aloxadas nos servidores do Consello Xeral da Avogacía Española, o que permitiu ofrecer un servizo de correo electrónico con notables melloras en canto a funcionalidades e prestacións. Estas son algunhas das vantaxes e características que ofrece este novo correo:

Privacidade e seguridade nas comunicacións:

- Seguridade xurídica: garantía de cumprimento da LOPD
- Seguridade técnica: certificado do Esquema Nacional de Seguridade, utiliza a última tecnoloxía en sistemas antispam e antiphishing

Conta profesional de alta capacidade:

- Caixa de almacenamento de 50 Gb
- 1 TB de almacenamento na nube (OneDrive)
- Xestión profesional de axendas, contactos, tarefas
- Soporte técnico ao usuario
- Interface intuitiva e doada de usar

Máis que un correo, ferramentas de colaboración na nube, desde o teu ordenador, móbil ou tablet:

- Traballa en liña cos teus documentos de Microsoft Office (Word, Excel, PowerPoint) sen necesidade de telo instalado
- Gárdalos de forma segura na nube con OneDrive. Comparte ficheiros con clientes, outros membros do despacho, o Colexio
- E moito máis (mensaxería instantánea, videoconferencias, reunións en Internet...)

4. NOVA BASE DE DATOS VLEX PREMIUM DISPOÑIBLE NA WEB DO COLEXIO

Lembrámosvos que xa podedes acceder a esta nova base datos xurídica de Vlex, dispoñible dende a zona privada da páxina web do Colexio, dentro da sección “Bases de datos e biblioteca online”. Trátase dunha completa plataforma tecnolóxica de consulta, que ofrece máis de 6,5 millóns de documentos e que conta con máis de 50 editoriais/partners colaboradoras.

Xunto que esta última contratación, as bases de datos dispoñibles agora mesmo na web do Colexio son: **Vlex Premium, Tirant Online, La Ley, Biblioteca Online de Sepín e Thomson Reuters de Aranzadi**